



MAR 2023  
N.º 7

Actualidade

EN

Ca Miño

www.concellodemino.gal

Depósito legal: C1771-2020

#### DEMOGRAFÍA

Miño, municipio co maior crecemento da área da Coruña no 2022 **Páx. 5**

#### OBRAS

A renovación integral da iluminación exterior municipal xa está en marcha **Páx. 6**

#### ARTE URBANO

Graffiti para mellorar a estética no casco urbano de Miño **Páx. 14**

#### RECOÑECIMENTO

Antón Crestar, referente da emigración no Uruguai **Páx. 15**

## Luz verde á rexeneración do espazo dunar na Praia Grande

O proxecto para a recuperación do espazo dunar na Praia Grande de Miño será

unha realidade logo da aprobación definitiva por parte do Ministerio de Transición

Ecolóxica. A intervención, permitirá a integración do terreo do antigo campo de

fútbol na marisma e a retirada de especies invasoras do espazo dunar. **Páx. 4**



O alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, no lugar da actuación xunto coa subdelegada do Goberno, María Rivas, e o xefe da Demarcación de Costas na Coruña, Rafael Eimil.

### Última fase dos traballos de ampliación do Club Náutico

A actuación consiste na ampliación do edificio do ximnasio, cuxa superficie superará os 200 metros cadrados, a redistribución dos espazos interiores e a remodelación do almacén de embarcacións. **Páx. 7**

### Miño reivindica a figura e o legado de María Vázquez

O Concello puxo en valor co gallo da conmemoración do 8 de marzo, Día Internacional da Muller, a figura da mestra represaliada, María Vázquez Suárez, a través da difusión de diversos materiais para rescatar o seu legado. **Páxs. 10 -11**



# O Concello agradece a cesión de paso polos terreos nos que discorre a Senda dos Sentidos

Unha placa conmemorativa lembra a colaboración grazas á cal se puido efectuar o percorrido da Senda dos Sentidos

O Concello de Miño programou un acto de recoñecemento e agradecemento con todas aquelas persoas propietarias que cederon o emprego de parte dos seus terreos para que a Senda dos Sentidos sexa unha realidade.

A xornada, presidida por Manuel Vázquez Faraldo, acompañado ademais dos propietarios dos terreos, por outros membros do goberno local e dos proxectistas da Senda dos Sentidos, foi levada a cabo no punto no que da comezo o itinerario, emprazamento no cal se instalou unha placa conmemorativa cunha mensaxe na que se recoñece a colaboración de todos os propietarios que cederon o paso polas súas parcelas.



Momento no que o alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, descobre a placa conmemorativa no comezo do itinerario

Alí, o alcalde destacou que "grazas ao acto de xenerosidade e a boa disposición destas persoas, Miño conta cunha ruta única, dun enorme valor ambiental e paisaxístico, que visitan cada día

tanto os veciños e veciñas de Miño como os turistas, que quedan abraiados coas paisaxes que se van atopando polo camiño".

No encontro tamén puxo en valor as bases do traballo

do goberno local "respectando a natureza, aproveitando a paisaxe e conectando núcleos", facendo referencia á rede de sendas que se está impulsando desde o goberno local nos últimos anos.

## Cinco negocios miñenses foron recoñecidos como empresas turísticas certificadas pola Reserva de Biosfera



Entrega de diplomas ás novas empresas certificadas na Marca de Calidade da Reserva de Biosfera

O Concello de Miño estivo presente na última edición da feira Biocultura en calidade de municipio integrante da Reserva de Biosfera Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.

No evento, celebrado no recinto feiral de EXPOCoruña, na cidade herculina, as entidades miñenses; Hotel La Terraza; Casa Savi; DaTerra; Worknature e A-02velas recibiron o diploma como empresas turísticas certificadas na Marca de Calidade da Reserva de Biosfera, estando acompañadas na entrega dos certificados polo alcalde, Manuel Vázquez Faraldo.



# As especies autóctonas medran en Costa Miño e Gallamonde

**Voluntarios de distintas asociacións desenvolveron tarefas de reforestación con especies autóctonas**

**M**iño aumentou o seu número de especies autóctonas grazas ás accións solidarias levadas a cabo por distintos colectivos en Costa Miño e en Gallamonde.

Un total de 30 voluntarios e colaboradores de WWF continuaron co traballo iniciado hai anos en Gallamonde a través da plantación de carballos, abeleiras, castiñeiros e érbedos.

Pola súa parte, a asociación Hábitat, xunto con Ecoherencia, organizaron unha xornada de plantación de especies autóctonas nunha parcela de propiedade municipal en Costa Miño.

Na iniciativa participaron 45 voluntarias e voluntarios de Randstaad, da empresa NTT, e da Fundación ADCOR que plantaron 90 exemplares de bidueiros, carballos, castiñeiros, sabugueiros, maceiras e cerdeiras para recuperar a zona como bosque natural.



Reforestación con especies autóctonas en Gallamonde



Momento dos traballos de plantación en Costa Miño

## Adhesión ao convenio contra a vespa velutina

O Concello de Miño aprobou en sesión plenaria a adhesión ao convenio de colaboración asinado entre a Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Federación Galega de Municipios e Provincias para a coordinación de actuacións no desenvolvemento do programa galego de vixilancia e control fronte á vespa velutina.

A través da suma a este convenio búscase dar unha resposta rápida e efectiva á aparición desta especie que está a provocar unha gran ameaza para as variedades autóctonas, poñendo en risco os vieiros da produción apícola e afectando o labor polinizador que desenvolven as abellas nos nosos ecosistema.

Polo tanto, en función ao estipulado no escrito, é de vital importancia que a cidadanía de Miño que advirta a presenza de niños de vespas velutinas o comunique con celeridade ao número 012 para que unha brigada poida proceder á súa eliminación, e procurar non achegarse aos niños a unha distancia inferior aos cinco metros.



Alguns dos residuos recollidos polo alumnado do CPI Castro Baxoi

## O alumnado do CPI Castro Baxoi limpa a Praia Grande

As rapazas e os rapaces de primeiro curso da ESO do CPI Castro Baxoi, en colaboración co seu equipo docente e contando co asesoramento de persoal membro do Grupo Naturalista Hábitat levaron a cabo diversas tarefas de limpeza na Praia Grande.

O balance da actuación foi a recollida dun total de 33 quilos de residuos

contaminantes de distinta índole entre os que se incluían un notable número de plásticos.

O alcalde agradeceu a acción desinteresada de todos e todas as escolares destacando "o feito de que a xente nova sexa cada vez máis consciente da importancia de manter a nosa contorna limpa e sá".






Visita da subdelegada do Governo, Maria Rivas.

**A** rexeneración do espazo dunar da Praia Grande Miño recibiu nas derradeiras semanas a aprobación definitiva por parte do Ministerio de Transición Ecolóxica y Reto Demográfico e segundo Manuel Vázquez Faraldo suporá “un proxecto emblemático para Miño, tanto para o futuro da poboación como para o desenvolvemento do turismo, un dos sectores claves” da economía do municipio.

Ademais construírase a nova pasarela accesible cara o posto de salvamento e eliminaranse as especies invasoras. Neste sentido, está prevista a eliminación de árbores na zona dunar debido a que son perxudiciais para este ecosistema, mentres que no paseo só se eliminarán as especies invasoras, así

Na reunión de traballo que tivo lugar en Miño a finais do mes de febreiro entre o rexedor, Manuel Vázquez Faraldo, a subdelegada do Goberno, María Rivas, e o

Xefe da Demarcación de Costas en A Coruña; Rafael Eimil; o alcalde agradeceu ao Ministerio "unha inxeción económica histórica nun proxecto que repercutirá directamente na protección do patrimonio natural, ao mesmo tempo que se promoven unhas mellores condicións de seguridade peonil".



## Os planos do proxecto de rexeneración do espazo dunar da Praia Grande



# Miño consolídase como o concello da área da Coruña que máis medra en poboación

**Ningún municipio da comarca alcanzou nos derradeiros dez anos un incremento do 15,4% no seu padrón, como fixo a localidade miñense**

**M**iño consolida o seu crecemento poboacional. O municipio miñense foi o que máis medrou nos derradeiros dez anos na comparativa co resto de concellos da área da Coruña. Fixoo, concretamente, nun 15,4%, unha porcentaxe moi superior á do resto de localidades da súa contorna, pois a segunda nesta comparativa é Sada, cun crecemento do 9,4%.

Segundo os datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística (INE), Miño tiña en xaneiro de 2022 un total de 6.624 habitantes, repartidos entre 3.322 mulleres e 3.302 homes. Dez anos antes, no 2012, a cifra era de 5.739. Con respecto ao ano 2021, o incremento foi do 3,1%, ao



Vista aérea de Miño.

certificar 201 persoas censadas máis.

## **Cambio de modelo**

Os datos confirman o cambio de tendencia no concello, que tivo un alto impacto do 'boom da construción' na primeira

década de século que o convertiron nun municipio vencellado ao turismo. Agora, Miño adquiriu transcendencia como lugar de primeira residencia.

Máis do 77% dos residentes de Miño naceron no municipio ou noutros concellos da

provincia. Mentres, o 10% dos empadroados son estranxeiros. Entre eles sobresaen os venezolanos, xa que case unha de cada catro persoas nadas fóra de España residentes en Miño son do país suramericano.

## Un novo investimento na Casa do Pescador potenciará o seu funcionamento como espazo de traballo colaborativo

A Casa do Pescador, o espazo de traballo colaborativo no centro municipal de emprego, recibirá unha nova achega económica para potenciar o seu funcionamento. Será un investimento derivado da subvención que o Concello solicitou á Deputación da Coruña a través da liña 2 do Plan de Emprego Local.

A solicitude foi remitida á institución provincial e permitirá sufragar gastos de xerencia, xestión de accesos e zonas comúns, redes sociais e comunicación, dinamización e captación de



O espazo de Coworking na Casa do Pescador.

usuarios e usuarias, recepción de novos 'coworkers' e asesoramento e formación aos emprendedores.

A todas estas actividades

súmanselles os gastos indirectos derivados do suministro de electricidade, telefonía, internet, mantemento do ascensor e do edificio e

limpeza.

O proxecto de converter a Casa do Pescador nun espazo colaborativo comezou en novembro do 2021, cando o Concello recibiu a cesión da primeira e a segunda plantas do edificio da Confraría de Pescadores.

O Concello tamén solicitou a adhesión do coworking da Casa do Pescador á Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo da Deputación da Coruña. Esta petición busca dotar á infraestrutura de máis medios para acadar os seus obxectivos.

## En marcha a renovación integral da iluminación exterior municipal

**A actuación suporá a substitución de 4.534 puntos de luz por uns novos con tecnoloxía LED, máis eficientes e sostibles**

**M**iño avanza cara a renovación integral da iluminación exterior en todo o termo municipal co inicio dos traballos de substitución dos 4.534 puntos lumínicos.

O proxecto dotado cun orzamento de 3,2 millóns de euros dos cales 1,8 correspóndense a unha subvención concedida por parte do Instituto para a

Diversificación e o Aforro de Enerxía (IDAE), a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER).

Con esta histórica actuación estase a renovar a totalidade do alumeadado exterior municipal, dando deste xeito mostra do firme compromiso do goberno local polo aforro enerxético en favor da redución da contaminación lumínica.

As luminarias actuais, de vapor de sodio, haloxenuro metálico ou vapor de mercurio están a ser cambiados por outros novos con tecnoloxía LED, os cales presentan unha maior eficiencia e

unha redución considerable no consumo.

Además, a intervención tamén contempla a actualización dos 92 cadros de mando existentes para adaptarlos así á normativa vixente, reducíndose a potencia de 2.840.384,104 kW a 812.245 kW e acadando unha porcentaxe de aforro enerxético do 63%.

Con motivo da execución dos traballos, e ante posibles incidencias, a empresa concesionaria puxo a disposición da veciñanza o número 650 203 318 para poder comunicar calquera problemática ou realizar consultas derivadas das obras.

### Ampliada a rede de saneamento en Ansimonde



Obras en Ansimonde.

O Concello avanza na extensión do saneamento e o abastecemento municipal a través de novos traballos en Ansimonde, na parroquia de Bemantes, actuación grazas á cal se fai chegar este servizo a fogares que carecían de conexión á rede pública.


## A demandada construción dunha beirarrúa e dun paso peonil na contorna da ponte de Xarío é xa unha realidade

Satisfacción ante a consecución da tan demandada mellora nas marxes da contorna da ponte de Xarío co inicio das obras de construción dunha beirarrúa e dun paso peonil na contorna de dito emprazamento.

As actuacións, levadas a cabo pola Deputación da Coruña a petición do Concello de Miño, buscan dar unha mellor accesibilidade á veciñanza da zona e aos usuarios e usuarias da senda do Xarío.



Construción de beirarrúas no lugar dos traballos.



Nova beirarrúa na rúa Loios.

## Mellora das condicións de seguridade na rúa Loios

O Concello rematou os traballos de mellora da seguridade vial na rúa Loios.

A través desta actuación, búscase dotar á zona peonil situada ao remate da estrada con beirarrúas para deste

xeito xerar un espazo apartado do tráfico rodado.

O proxecto reafirma a decidida aposta do goberno local para mellorar a accesibilidade e as condicións de seguridade do municipio.



# O proxecto de reforma e ampliación do Club Náutico de Miño encara a súa recta final

**Logo da actuación a superficie do ximnasio superará os 200 metros cadrados**

O demandado proxecto de reforma do Club Deportivo Náutico dá un paso máis cara a súa culminación grazas ao óptimo avance dos traballos.

A presente fase da intervención, supoñerá a ampliación do edificio do ximnasio, cuxa superficie superará os 200 m<sup>2</sup>, a redistribución dos espazos interiores para

conseguir novas zonas necesarias, entre as que se atopan vestiarios e aseos accesibles, así como a remodelación do almacén de embarcacións para crear unha zona destinada a carga e descarga que servirá de unión entre os edificios xa existentes.

A actuación, valorada en 307.280,38 euros e cofinanciada pola Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello, suporá en verbas do alcalde, Manuel Vázquez Faraldo, "unha sensible mellora nas condicións de todas as persoas usuarias".



Supervisión das obras de ampliación do Club Náutico



A actuación supuxo a renovación do firme e a instalación de pasamáns.

## A rúa Camiño Real loce novo aspecto e maior seguridade

O Concello de Miño finalizou recentemente as obras de mellora na rúa Camiño Real, que están financiadas a través do Plan Único promovido pola Deputación da Coruña e que se integra dentro dun proxecto que abarca outras actuacións en Leiro e Sombreu cun orzamento total de 82.652,03 euros.

A través desta intervención, actuouse no tramo que cruza coa rúa Galea, xa que esta intersección presentaba

fochancas no firme que provocaban problemas na circulación do tráfico rodado.

Os traballos neste punto incluíron a demolición do pavimento existente, a reposición de tubaxes e instalación pozos de rexistro para o saneamento e pluviais, e unha vez rematados estas obras procedeuse ao posterior asfaltado da plataforma e accións de mellora das condicións de accesibilidade na beirarrúa.

## Novo saneamento e a pavimentación no camiño da Pedreira

Xa deron remate as obras de saneamento e pavimentación no camiño da Pedreira, na parroquia de Leiro. O proxecto está financiado a través do Plan Único da Deputación da Coruña.

A actuación incluíu a execución da rede de saneamento e pluviais, a posterior renovación do firme, e a execución da sinalización horizontal na vía.



Novo aspecto do pavimento no camiño da Pedreira



# Convenio de colaboración con Vilarmaior para dotar de saneamento a casas da Tolda

**No encontro renovouse o convenio para compartir técnico deportivo**

**O**s Concellos de Miño e Vilarmaior, a través dos seus alcaldes,

Manuel Vázquez Faraldo e Carlos Vázquez Quintián, respectivamente, asinaron un convenio de colaboración coa finalidade de dotar de saneamento ás vivendas do núcleo de A Tolda, na parroquia miñense de Bemantes e limítrofes co núcleo de O

Tres, en Vilarmaior.

O acordo, selado na casa consistorial de Miño, reflexa que os traballos, que contan cun orzamento de 21.174,04 euros, estarán financiadas nun 75% polo Concello de Miño, mentres que o importe restante será asumido polo

Concello de Vilarmaior.

Polo tanto, a actuación inclúe a ampliación da actual rede de saneamento no lugar de A Tolda ata a súa conexión coa rede xeral existente no lugar de O Tres. Dita ampliación, discorre na maior parte do trazado paralelo á AC-160, ao longo do termo municipal de Vilarmaior, e está previsto a instalación da rede de sumidoiros pola marxe interior da beirarrúa.

**Renovación do convenio para compartir técnico de deportes**

No encontro tamén se referendou a renovación do convenio entre ambos municipios para compartir o técnico de Deportes, que estará adscrito ao Concello de Vilarmaior.

Deste xeito, Miño beneficiarase dos seus servizos os luns, mércores e venres e asumirá a metade dos gastos de salario e seguros.



Sinatura do convenio.

## Aprobada a construción de novas beirarrúas en San Xoán

Luz verde ás obras de mellora na seguridade da DP-4802, ao seu paso por San Xoán de Vilanova.

A actuación, que xa foi aprobada pola Deputación da Coruña, conta cun orzamento de 758.132 euros procedentes de fondos

provinciais e implicará a execución dunha senda dun quilómetro en formigón coloreado e a renovación do firme ao longo de todo o tramo, así como a instalación dunha nova rede de recollida de pluviais para evitar a acumulación de auga.



Plano dos traballos.

## En marcha as obras da nova senda peonil entre Ponte do Porco e A Barrosa



Avance dos traballos.

Un novo itinerario peonil mellorará as condicións de seguridade entre os núcleos de Ponte do Porco e A Barrosa.

A actuación, cuxos traballos xa foron iniciados, está dotada cun orzamento

de 30.000 euros e inclúe a construción dunha senda peonil que dará continuidade ás beirarrúas existentes e a instalación dunha rampla coa que mellorar a accesibilidade aos viandantes.



# As obras de ampliación da escola 'A Ceboliña' avanza a bo ritmo

**A actuación está encamiñada a dar resposta á demanda xerada polo aumento da poboación nos últimos anos**

**O**s traballos para a ampliación e mellora da escola infantil municipal, 'A Ceboliña', avanza logo do inicio da intervención no pasado mes de novembro.

A actuación, encamiñada a dar resposta ao crecemento da poboación rexistrado nos últimos anos, está dotada cun orzamento superior aos 105.000 euros procedentes de fondos europeos a través da Xunta, e inclúe labores como a recuperación da aula

de usos múltiples, así como a creación de novas aulas ademais da recuperación do acceso por ascensor, que se atopaba inoperativo debido a que coas obras realizadas no ano 2014 quedou situada nunha zona de paso do alumnado.

Para levar a cabo dita ampliación, a intervención implica tamén a redución do espazo que ocupan as dependencias dos servizos culturais e sociais municipais, situadas no inmoble, para deste xeito proceder á adaptación deste departamento de acordo coas súas necesidades de uso reais, e será dotada das condicións de accesibilidade necesarias, recuperando o acceso ao ascensor.



Estado das instalacións.

## Comezan as obras no abastecemento e o saneamento en As Pedras



Lugar das obras en As Pedras.

Iniciada a ampliación no servizo de abastecemento e saneamento ao lugar de As Pedras.

A actuación, valorada en 30.578 euros, inclúe a ampliación das redes e a posterior reposición do firme.

## Iniciados os traballos de saneamento en Visouteiro

O Concello deu comezo as obras para a ampliación das redes de saneamento e abastecemento no lugar de Visouteiro, na parroquia de Leiro.

Os traballos que integran a intervención inclúen a instalación de dous colectores, de senllos pozos de rexistro e de dous tramos de tubaxe

de polietileno para a prolongación da infraestrutura existente.

O proxecto, que conta cun orzamento de 57.039,41 euros, está destinado a levar estes servizos ás vivendas de Visouteiro que ata o momento de efectuar dita actuación non dispoñían dos mesmos.



Ampliación do saneamento e do abastecemento en Visouteiro.

## Mellora da seguridade viaria no centro urbano de Miño



Novo pasamáns na rúa Regueiro.

O goberno local promove unha mellora da seguridade no casco urbano coa renovación do enreixado do parque de Rabazal e coa instalación de pasamáns nas rúas Regueiro, Real e Estrada da Praia, vías que rexistran un gran tránsito.



# A lección vital da mestra María Vázquez Suárez

Dona María, como se lle coñece en Miño, foi unha figura inspiradora, unha muller concienciada do poder da educación para xerar espírito crítico

A primeira muller en falar en público en Miño foi esta veciña comprometida cos dereitos das mulleres que participou en mítins defendendo xustamente esas ideas.

Chegou ao noso concello no 1929, logo de pasar 12 anos dando clase na Pobra do Caramiñal.

Só estivo como docente no pobo sete anos, ata que foi asasinada no 1936 durante a Guerra Civil por mor da súas ideas liberais e ligadas ao feminismo.

Dona María foi unha

das mulleres do colectivo chamado 'As modernas'.

Con todo, a súa pegada callou non só no seu alumnado se non que trascendeu á seguinte xeración. Son os fillos e fillas desas persoas ás que lle deu clase quen agora lembran como esta mestra marcou a maneira de ver a vida dos seus proxenitores. A súa testemuña recóllese en varios vídeos que se poden ver na conta de YouTube do Concello de Miño. Estas pezas audiovisuais forman parte do material que se recompilou para homenaxear a esta muller de Sober comprometida e inspiradora.

Co gallo do 8 de marzo, no centro social A Rúa, levouse a cabo un acto entorno á figura de María Vázquez Suárez. Estivo moderado pola educadora familiar do Concello. Participaron na cita a profesora, investigadora e ensaísta da Universidade de Santiago de Compostela,

Aurora Marco, que pescuda sobre a figura de dona María; as deseñadoras do cartaz deste 8M; as autoras dos vídeos e unha parte da veciñanza que participou nesas pezas audiovisuais aportando as súas vivencias e as súas

lembranzas.

O Día Internacional da Muller, 8 de marzo, regaláronse camisetas coa ilustración do cartaz, e os colexios miñenses traballaron co alumnado a figura da homenaxeada deste ano.



Conversa co gallo do 8M



Acto no centro social A Rúa



O Concello repartiu 600 camisetas coa imaxe de María Vázquez a todo o alumnado de Miño



# Feminista e represaliada




María Vázquez adicou a súa vida ao fomento da igualdade entre homes e mulleres. Esta mestra republicana fixo da escola unha ferramenta para a emancipación feminina. Militou en agrupacións feministas como a Asociación Feminina Republicana.

A súa historia tivo un final trágico. En agosto de 1936 foi encadeada e asasinada polas súas ideas liberais no transcurso da Guerra Civil.

A súa casa en Miño foi saqueada e os seus libros, queimados. A día de hoxe o seu corpo continúa desaparecido.

Con todo, como apunta a concelleira da área de Igualdade, Catalina Morado, "o feito de non poder falar en público da figura de dona María non impediu que nas casas se falase dela". Tanto é así que o seu recordo mantense e a súa pegada chega ata este 2023 no que se lle adicou o 8M.

# 8M



CREÁRONSE VARIAS PÍLULAS DE VÍDEO PARA COÑECER MELLOR Á HOMENAXEADA A TRAVÉS DE MATERIAL AUDIOVISUAL

LE CO TEU MÓBIL OS CÓDIGOS QR

María Vázquez

María, en Miño



As modernas

María, feminista



María - Obra social

María, mestra



Retroceso da educación das mulleres





# As perspectivas que ten agora Miño son de futuro

**Vázquez Faraldo, está a piques de rematar un mandato no que contabiliza moitos proxectos realizados, outros moitos aínda por facer pero sobre todo, cunha certeza, "que agora Miño ten futuro"**

**Que balance fai destes catro anos de lexislatura?**

É positivo porque non é comparable o Miño que nos atopamos no ano 2019 co Miño que hoxe estamos a vivir, no eido social, no económico, no xudicial, no medio ambiental, no deportivo, nas obras e infraestruturas... As perspectivas que ten agora Miño son de futuro e hai catro anos falábamos dun Miño languidecente, cunha situación económica crítica.

**Miño está a experimentar un aumento poboacional.**

Creo que ten relación coa boa imaxe que adquiriu Miño ao longo destes catro anos e tamén por outro factor, que non ten nada que ver coa actuación do goberno local, que é o efecto da pandemia. A xente tivo máis interese en desprazarse a vivir ao rural, uns espazos que están a mellorar constantemente, non só polas actuacións do Concello se non en xeral de todas as administracións.

**A débeda segue pero xa está encauzada.**

O cambio de situación é vital porque a débeda segue estando aí pero non son os mesmos prazos de pago nin a asfixia económica. Despois dunha serie de contactos, principalmente, e a quen hai que agradecer sempre, cos expropiados da urbanización de Costa Miño, que foron moi xenerosos, e moi sensatos, renunciando a unha contía, para chegar a un acordo e desbloquear a situación dos

pagos. Iso permitiu que o Concello asumise unha liña de financiación deses pagos, encaixándoos dentro dos orzamentos, acordando co Ministerio de Facenda unha fórmula de pago. Pero hai que ter claro que a débeda segue estando aí e seguiremos negociando a posibilidade de ir reducindo as cotas e ampliando os prazos.

**Cree que hai capacidade para seguir medrando?**

Por suposto. Miño está emprazado nun lugar privilexiado do Golfo Ártabro, cuns atractivos naturais impresionantes, etnográficos e históricos. Ademais, ten unha poboación moi acolledora, os veciños e veciñas de Miño están acostumados a recibir turismo. Un dos nosos obxectivos é desestacionalizalo do verán, que se vaia ampliando. Medraremos sempre baixo o compromiso de atender aos asuntos cotiás dos veciños e veciñas de Miño co gran equipo que me acompaña e todo o fantástico persoal municipal.

**Que proxectos destacaría?**

Hai varios moi importantes, que teñen que ver co ámbito social. Un é a posta en funcionamento do Centro de Día e outro o acordo que chegamos coa Sareb para habilitar as vivendas sociais. No ámbito das infraestruturas levamos a cabo unha serie de proxecto de sendas, que estamos continuando para facilitar

esa desestacionalización dos turismo e para facilitar a vida aos veciños e veciñas de Miño, que poden desfrutar da contorna privilexiada que aquí temos. Tamén está a renovación do céspede do campo de fútbol ou a renovación da rede xeral de abastecemento de auga de Miño.

**Ou a renovación da iluminación.**

Por importancia económica é o máis importante, xa que vai a supoñer unha renovación da iluminación en todo o municipio e un aforro económico moi importante, ademais da redución de emisións á atmosfera. Tamén está a rexeneración da Praia Grande. Será esencial a nivel económico, medio ambiental e turístico, polo efecto que vai a supoñer a mellora de ese espazo tan rico e único que temos, desde a zona dunar ata a marisma.

**E para o futuro?**

Por exemplo, a senda peonil pola ribeira de Bañobre, desde a ponte da estrada ata a ponte da vía do tren. Ou a que unirá o porto e a Praia Grande. Tamén temos outro proxecto moi importante para a vida cotiá de Miño que é o enlace da autoestrada coa Nacional, que vai permitir desconxestionar o tráfico urbano por Miño e, sobre todo, o tráfico pesado. Ademais, hai outros moitos proxectos en mente para levar a cabo nos próximos anos. Nós chamamos e chamaremos a todas as portas para conseguir sempre o mellor para Miño.

**MANUEL V. FARALDO**

Alcalde de Miño





# Satisfacción pola consecución do demandado reforzo da liña de bus para o IES As Mariñas

O Concello consideraba "necesaria" esta actuación para a que realizou diferentes xestións

**A** ansiada demanda do Concello de Miño de mellorar a mobilidade en autobús tivo froitos logo das xestións realizadas desde o goberno local. Buscábase dar resposta ás necesidades da veciñanza

e conseguíuse o reforzo do servizo con Betanzos para o alumnado do IES As Mariñas os xoves.

Desde o Concello celébrase a consecución deste "necesario reforzo", en concreto reforzouse a liña 'Centro saúde Betanzos-Ponte do Porco-Miño 2' creándose dous novos servizos de ida e volta con nove paradas próximas ao inicio e ao fin das clases.

O novo servizo entrou en vigor o pasado 9 de marzo.

Novas expedicións para a liña XG871065  
Centro saúde Betanzos - Ponte do Porco - Miño 2

| CÓDIGO DE EXPEDICIÓN | NOME DA RUTA                                       | SERVIDO | FRECUENCIA SEMANAL | TIPO DE DÍAS | TEMPADA ANUAL                        | HORA SAÍDA |
|----------------------|--|---------|--------------------|--------------|--------------------------------------|------------|
| XG8710651904         | Centro de Saúde Betanzos - Ponte do Porco - Miño 2 | VOLTA   | L - M - M - E - V  | TODOS        | LECTIVA - ESO - FP - BACHARELATO     | 08:11      |
| XG8710651902         | Centro de Saúde Betanzos - Ponte do Porco - Miño 2 | VOLTA   | M                  | NON FESTIVOS | NON LECTIVA - ESO - FP - BACHARELATO | 08:50      |
| XG8710651901         | Centro de Saúde Betanzos - Ponte do Porco - Miño 2 | IDA     | M                  | NON FESTIVOS | NON LECTIVA - ESO - FP - BACHARELATO | 15:00      |
| XG8710651903         | Centro de Saúde Betanzos - Ponte do Porco - Miño 2 | IDA     | L - M - E - V      | TODOS        | LECTIVA - ESO - FP - BACHARELATO     | 16:25      |
| XG8710651905         | Centro de Saúde Betanzos - Ponte do Porco - Miño 2 | IDA     | M                  | TODOS        | LECTIVA - ESO - FP - BACHARELATO     | 16:25      |
| XG8710651906         | Centro de Saúde Betanzos - Ponte do Porco - Miño 2 | VOLTA   | M                  | TODOS        | LECTIVA - ESO - FP - BACHARELATO     | 15:48      |
| XG8710651907         | Centro de Saúde Betanzos - Ponte do Porco - Miño 2 | IDA     | M                  | TODOS        | LECTIVA - ESO - FP - BACHARELATO     | 18:10      |
| XG8710651907         | Centro de Saúde Betanzos - Ponte do Porco - Miño 2 | IDA     | X                  | TODOS        |                                      |            |

Un momento das tarefas

## Gran traballo dos operarios municipais e Protección Civil nas incidencias meteorolóxicas



Un momento das tarefas

En Nadal, as incidencias meteorolóxicas puxeron de manifesto o gran traballo dos operarios municipais e de Protección Civil, por exemplo, retirando árbores caídos dos camiños.

O goberno local resalta a eficacia destes corpos e agradece os traballos realizados para paliar os danos.

"Debemos ser conscientes de que estas persoas poñen en risco a súa integridade en prol dunhas mellores condicións para toda a veciñanza. As e os miñeses estamos en débeda co seu traballo", dixo o alcalde.

## 'La Administración cerca de ti' chegou á veciñanza aos trámites electrónicos públicos

O centro social A Rúa acolleu o programa estatal 'La administración cerca de ti', unha iniciativa da Subdelegación do Goberno en colaboración co Concello para achegar a administración electrónica á veciñanza.

Nesta xornada, aberta ao público, asesorouse ás persoas asistentes e resolvéronse dúbidas sobre trámites e xestións habituais na administración



Os trámites en liña ante a administración fanse máis doados

electrónica. Ao finalizar a charla ofreceuse ás persoas participantes, a posibilidade de obter un certificado

electrónico expedido pola Fábrica Nacional de Moneda y Timbre para facer trámites públicos.

## Un híbrido súmase á frota da Policía Local

A Policía Local conta cun novo vehículo híbrido valorado en 44.800 euros adquirido a través da modalidade de *renting*. O 75% procede dunha subvención da Xunta de Galicia e o 25% restante de fondos municipais.

"Este automóbil fai que a Policía Local conte con mellores condicións e medios para desenvolver máis eficazmente o seu traballo, repercutindo deste xeito nunha maior seguridade para a



O vehículo permitirá aforrar combustible e ten menor impacto ambiental

veciñanza. Ademais promove unha maior sustentabilidade reducindo a pegada ambiental", salientou o alcalde.

Ao sumar este coche á frota policial poderá destinarse un dos efectivos actuais ao servizo de obras.



## Arte urbana contra o feísmo



Mural situado no Camiño Inglés na rúa Real



Un polbo, protagonista dun dos murais

**O muralismo formúlase como o remedio para mellorar a estética en diferentes puntos do municipio**

**O**s graffitis son unha das ferramentas empregadas polo goberno local para mellorar a estética de diferentes recunchos do concello. Haberá actuacións nesta en diferentes

puntos do noso municipio. Con esta iniciativa achéganse os valores da arte urbana e o muralismo como canle de expresión cultural, ao tempo que se potencia a estética de diferentes lugares.

**A recollida de 12.050 kg de téxtiles dá conta do compromiso coa reciclaxe**

Os datos do Insertega reflicten que en Miño recolléronse 12.050 kg de roupa nos dez colectores repartidos polas parroquias, evitando así a emisión de 38,19 toneladas de CO<sub>2</sub>.

Esta acción, sumada ao roupeiro municipal, materializa o decidido compromiso de Miño coa reciclaxe, nomeadamente coa reutilización téxtil. O alcalde amosouse satisfeito pola "resposta da veciñanza ante unha iniciativa que contribúe a preservar o medio ambiente ao tempo que participa nun proxecto de xustiza e inserción social".



Colector de téxtil

**As festas de San Pedro en Miño contarán co Combo Dominicano, mailas orquestras Cinema e Galilea**

Como avance das orquestras que amenizarán as Festas de San Pedro en Miño en 2023. O mércores 28 de xuño porá o toque musical á celebración o Combo Dominicano. Ao día seguinte actuará a Orquestra Cinema. O venres 30 será a quenda para a Orquestra Galilea. A actitude festeira vén de serie na nosa veciñanza, así que a troula está asegurada.

## O meu can é un bo veciño

Durante quince sábados, tanto cans como persoas propietarias estiveron aprendendo a compartir espazos e socializar a través do curso de iniciación canina 'O meu can é un bo veciño' que organizou o Concello.

Ao final da formación, Manuel Vázquez Faraldo, puido comprobar 'in situ' os grandes resultados

acadados logo destes meses de duro traballo nos que as familias puideron compartir experiencias e dar mostra de que os seus cans son bos veciños. O alcalde trasladoulle a todas as persoas participantes os parabéns e fíxolles entrega duns diplomas acreditativos de ter completado o curso.



O alcalde na entrega de diplomas

**A Ordenanza de Convivencia Cidadá inclúe dereitos e deberes**

Miño aprobou en pleno a súa primeira Ordenanza de Convivencia Cidadá.

O documento recolle dereitos e deberes para a conservación e limpeza dos espazos públicos, elementos naturais e mobiliario urbano, con especial atención ao verán. Búscase a conciliación dos intereses de residentes e visitantes fomentando a boa convivencia para que "poidan gozar en harmonía dos fantásticos recursos que ofrece o noso municipio", apuntou o alcalde.



# Arrinca a recuperación da figura de Antón Crestar e, con el, a da emigración a Uruguai



O convenio asinárono o alcalde e Rosario Álvarez, presidenta do Consello da Cultura Galega

**Un convenio co Consello da Cultura Galega (CCG) permitirá poñer en valor ao promotor do galeguismo nese país no século pasado**

**A**ntón Crestar, “fillo predilecto deste Concello, e aínda un gran descoñecido para a veciñanza a pesar da súa relevancia como galeguista, artista e emigrante”, explicaba, Vázquez Faraldo, no acto de sinatura do protocolo co Consello da Cultura Galega.

Precisamente coa intención de recuperar a figura deste veciño de Miño e poñela en valor, xorde este acordo entre Concello e CCG.

A firma do protocolo de

**Antón Crestar foi un impulsor da Irmandade Galeguista en Uruguai**

colaboración tivo lugar na Casa do Concello e estiveron presentes o rexedor, a presidenta do Consello da Cultura Galega, Rosario Álvarez Blanco, así como Pilar Cagiao, profesora titular de Historia de América e coordinadora

do Grupo HistAmérica na Universidade de Compostela quen ten raíces en Miño.

Antón Crestar é un dos grandes expoñentes da emigración galega en Uruguai no século XX. Con motivo dos 40 anos do seu pasamento (que se cumpren en novembro) o Concello pretende realizar accións para poñer en valor a transcendencia de Crestar.

**Pilar Cagiao destaca que estamos ante un “artista, escritor e emigrante con grandes inquedañas políticas”**

Entre elas destacan as actividades de carácter cultural, con énfase en seminarios que permitan analizar a figura deste galeguista e o seu papel na emigración en Uruguai.

Tamén está previsto elaborar publicacións, produtos dixitais e actividades para promover o coñecemento público sobre Crestar, a dixitalización e o intercambio de documentación entre as entidades colaboradoras.

**A emigración a Uruguai**

Pilar Cagiao explicou que “esta unión tamén permitirá facer unha exposición sobre

Crestar, nas súas diversas dimensións xa que foi artista, escritor, e tamén emigrante con inquedañas políticas”. “Tratarase de recuperar documentación, fotos e voces ao redor del, pero tamén do resto de emigrantes miñeses a Uruguai”, indicou.

Álvarez fixo un chamamento á cidadanía para poñer en valor as historias de moitos emigrantes xa que “só coa colaboración coa poboación sábese cal foi a historia de cada emigrante, é así é

posible construír a historia de todos eles e renderlles homenaxe”.

O alcalde destacaba que se está a dar “un pequeno paso para saldar a débeda coa emigración, encarnados na persoa de Crestar”.

**Un defensor da cultura**

Antón Crestar Faraldo naceu en Telle en 1896 emigrou a Uruguai. En Montevideo foi un dos fundadores da Irmandade Galeguista de Uruguai e promotor dunha das escolas públicas de Montevideo que leva o nome de Galicia, e integrou diferentes xuntas directivas do asociacionismo histórico galego na cidade.

**Realizaranse actividades culturais arredor da súa persoa**

Estudou na Escola Nacional de Belas Artes e dedicou a súa vida profesional a diferentes expresións culturais Foi galardoado co premio Vieira de Prata e en 1982 nomeado fillo predilecto de Miño.

## Novidades no servizo de recollida de libros prestados

A caixa de correos que atopades na entrada do Centro Social da Rúa permitirá devolver os libros prestados á biblioteca aínda co recinto pechado.



# Cada semana pasan pola asociación ao redor dun cento de persoas

Desde a súa creación, no ano 1981, este colectivo, con máis de 250 persoas socias, desenvolve actividades ligadas principalmente á música. Forman parte da maioría das festas populares e moitos actos sociais. As súas notas soaron en todas e cada unha das nosas parroquias

## Como xurdiu a creación da ACRD O Castro?

Non había iniciativas de baile tradicional, de folclore, si rondallas, pero non había de folclore e música galega. Xorde da inquietude de pais que empezou co grupo de baile tradicional para nenos. Facía falta música e creouse o grupo de gaitas. Nos primeiros anos ensaiábase en locais cedidos polos socios, incluso garaxes, logo na Casa do Pescador. Ata que no 1987 comprouse un local propio. Amañouse coa achega e traballo de moitas das persoas socias. Foi contra o ano 89 cando empeza o grupo de cantareiras e pandereteiras.

## Que actividades se fan agora na asociación?



Ensaio de canto e pandeireta

## Laura Montero

*Presidenta da Asociación Cultural, Recreativa e Deportiva O Castro*



Temos baile tradicional, desde os 3 anos, canto e pandeireta desde os 4 ata adultos. De feito hai un grupo novo con 21 persoas adultas que conta con grande éxito que está aprendendo a tocar e cantar. Está tamén o conxunto de gaitas, a rondalla e a coral polifónica. En todos os casos hai diferentes colectivos e niveis. Houbo actividades deportivas no pasado.

## Coas actuacións, O Castro forma parte de case de cada festa

Colaboramos co Concello coa Cabalgata de Reis cun séquito; no Día das Letras Galegas participamos cos grupos folclóricos; a coral e a rondalla adoitan ir á misa de San Pedro

e a da Nosa Señora; coas Amas de Casa colaboramos no aniversario; e a Confraría de Pescadores chámamos para cantar na misa do Carme no porto.

## As propostas contan con participación?

Cada semana pasan polo noso local darredor dun cento de persoas que participan nas actividades.



Grupo de baile no festival propio

## Que propostas culturais organiza directamente a asociación?

Temos o Festival de Danza e Música Tradicional José Juan García que é anual, adoita coincidir coa Festa da Cebola ou con San Pedro. Este ano é o 2 de xullo. Actuamos nós e grupos convidados. Antes da pandemia facíamos intercambios con grupos de toda a Península (Portugal e España), e logo devolvemos a visita. O ano pasado pola pandemia só se fixo cos nosos grupos. No verán facemos un Concerto Músico Vocal coa coral e a rondalla ao que veñen colectivos da comarca e de fóra de Galicia Ademais festexamos Santa Cecilia cun concerto ao que acoden rondallas da comarca.

## A conservación da tradición que se fai é meritoria

Temos un gran patrimonio de vestimenta tradicional. E fixemos recollidas, por exemplo, de canto con pandeireta, en zonas como Monfero ou Ourense e de gaita na Feira do Tres en Vilarmaior.



Actuación da rondalla e a coral